# PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE DE APOIO Á INVESTIGACIÓN

## Xerencia Xestión Integrada Ferrol

*GALEGO*

| DATA APROBACIÓN | | | RESPONSABLE |
|---|---|---|---|
| 31/01/2017 | | | COMISIÓN DE DIRECCIÓN |
| CONTROL DE CAMBIOS | | | |
| VERSIÓN | DATA | MODIFICACIÓN | |
| 00 | 12/2018 | Revisión completa | |
| | | | |
| PRÓXIMA REVISIÓN | | | Decembro - 2020 |

*TÁBOA DE CONTIDO:*

*1. OBXECTO* ______ *2*
*2. ALCANCE* ______ *2*
*3. ORGANIZACIÓN* ______ *2*
*4. SOLICITUDE DE CONSULTA E APOIO* ______ *3*
*5. OUTRA INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA* ______ *4*
*ANEXO 1 – FORMULARIO PARA SOLICITAR APOIO Á INVESTIGACIÓN* ______ *6*

## 1. OBXECTO

Definir e organizar o apoio metodolóxico e estatístico para potenciar os proxectos de investigación na Área Sanitaria de Ferrol, contando co apoio de:

1. Fundación Profesor Novoa Santos e Unidades de Apoio á Investigación (UAI) da Xerencia de Xestión Integrada de A Coruña.
2. A Universidade da Coruña.
3. O Comité Técnico Sanitario de Investigación (CTS Investigación) da Xerencia de Xestión Integrada de Ferrol (XXIF).

## 2. ALCANCE

Todas aquelas necesidades de asesoramento e apoio a investigación que proveñan dos profesionais e os especialistas en formación (EIR, MIR, FIR, PIR...) con vinculación á XXIF.

## 3. ORGANIZACIÓN

A XXIF ten o compromiso de prestar apoio e asesoramento en metodoloxía da investigación e estatística, a disposición do persoal na planta baixa do Hospital Arquitecto Marcide, na Unidade de Docencia e Investigación (UDI).

### *3.1. HORARIO DE PRESENZA DOS RECURSOS QUE SE DISPOÑEN:*

**Modalidade A:** FUNDACIÓN PROFESOR NOVOA SANTOS-UAI.

Sempre que haxa solicitudes que non se puideran resolver por vía telefónica ou correo electrónico, un día á semana ou cada 15 días, acudirá ao Hospital Arquitecto Marcide de

Ferrol unha persoa da UAI en horario de 8:30 a 14:30 h. para apoio metodolóxico ou estatístico. Concretarase a cita previa o xoves da semana anterior.

*A modo orientativo priorizaranse na opción (A) os proxectos de estudo que requiran axuda concreta ou específica nun tema ou apartado (dúbidas, metodoloxía,* estatística, *comité ético…).*

**Modalidade B:** UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

De forma continuada, tódolos venres, acudirá dende a Universidade de A Coruña ao Hospital Arquitecto Marcide de Ferrol, un experto en estatística, en horario de 9:00 a 14:00 h., para dar apoio metodolóxico, estatístico e formativo (segundo convenio UDC-XXIF), e tamén coa posibilidade de colaborar nos proxectos que interese. Concretarase a cita previa o venres da semana anterior.

*A modo orientativo na opción (B) priorizaranse os proxectos que requiran a colaboración desde o seu inicio (deseño+metodoloxía+*estatística*) ou avaliación estatística.*

## 4. SOLICITUDE DE CONSULTA E APOIO

Poderase solicitar consulta ou axuda neste ámbito, a través do correo electrónico habilitado para tal fin: investigacion.xerencia.ferrol@sergas.es, que será xestionado polos administrativos da UDI e da Fundación, debendo o solicitante enviar cuberto o **ANEXO 1**, co fin de orientar o asesor/a e adxudicar adecuadamente a consulta e os tempos. Terán acceso ó correo electrónico de solicitude:

A. Administrativos da UDI e da Fundación: como xestores da demanda e distribucións das consultas.

B. Persoal autorizado da XXIF: como observadores do proceso.

   - Presidenta e Secretario do CTS Investigación.
   - Xefe de estudos da UDI.

- Presidenta Unidade Docente Multiprofesional de Atención Primaria e Comunitaria.
- Supervisora de Área de Formación Continuada.
- Directora de Procesos de Soporte.

Para facilitar o proceso de solicitude, o ANEXO 1 contén diversas opcións que serven para que o solicitante e mailo administrativo/a poidan determinar de forma axeitada á adxudicación da cita. En caso de nos ter definida unha proposta pode solicitar consulta directa marcando o ítem número 5, ou especificando a súa necesidade a través do ítem número 10.

Tamén, os profesionais e especialistas en formación poden acudir sen cita previa a realizar consultas non programadas de breve resolución. Para elo, poderanse achegar os días e horas de presenza dos asesores, consultando directamente coa administrativa da UDI ou con eles a súa dispoñibilidade.

**RECOMÉNDASE**, previo a solicitar calquera consulta, enviar no correo a máxima información dispoñible para facilitar a súa resolución, sendo básico achegar:

1. Formulario de solicitude con breve descrición da consulta (ANEXO I)
2. Documento co protocolo si xa está realizado, aínda que sexa en borrador.
3. Documentación adicional (material do que se dispoña, xa sexa un esbozo de protocolo, enquisa ou artigo similar, etc.).

No caso do **alumnado de pregrao** seguirá as mesmas canles, sempre a través da solicitude de apoio que fará o seu titor/a, e tendo en conta os procedementos propios da súa universidade e acordos entre a XXIF e institucións correspondentes.

## 5. OUTRA INFORMACIÓN COMPLEMENTARIA

Na páxina Web da Axencia de Coñecemento en Saúde (ACIS): https://acis.sergas.gal/Paxinas/web.aspx, se dispón na pestana de **"investigación"** de información diversa, entre a que destacamos:

- ***Apoio o investigador:*** neste espazo encontrarás un modelo de solicitude de asesoramento e as rutas de investigación biomédica,
- ***Áreas de investigación***: liñas estratéxicas do Sergas e centros de investigación biomédica.
- ***Rede de Comités de Ética para a investigación (CEIC):*** onde atoparás os documentos necesarios para solicitar o ditame do CEIC.

## ANEXO 1 – FORMULARIO PARA SOLICITAR APOIO Á INVESTIGACIÓN

SERVIZO GALEGO de SAÚDE | Área Sanitaria de Ferrol

| FORMULARIO PARA SOLICITAR APOIO Á INVESTIGACIÓN | DATA : |
|---|---|

**INVESTIGADOR /A PRINCIPAL OU COORDINADOR/A**

**NOME E APELIDOS:**

**CATEGORÍA:**

**SERVIZO E CENTRO:**

**Nº DE TELÉFONO:**

**CORREO ELECTRÓNICO:**

*No caso de alumnos de pregrado, o titor deberá realizar a solicitude*

**SOLICITA APOIO Á INVESTIGACIÓN PARA:**

- ☐ Axuda metodolóxica para un proxecto/protocolo de investigación.
- ☐ Axuda estatística para un proxecto/protocolo de investigación.
- ☐ Colaboración en estudos de investigación tanto metodolóxico como estatístico.
- ☐ Realización no noso centro dun proxecto/protocolo multicéntrico xa aprobado noutro centro ou CEI e precisa autorizacións/sinaturas de contrato...
- ☐ Consulta directa de apoio a investigación.
- ☐ Orientación á publicación en revistas científicas.
- ☐ Investigación en coidados de saúde.
- ☐ Axuda en procuras bibliográficas.
- ☐ Axuda en xestión bibliográfica.
- ☐ Outro tipo de apoio (especificar no cadro de abaixo)

DEBERÁ ANEXAR OS DOCUMENTOS DOS QUE DISPOÑA (Proxecto, protocolo, CEI, enquisa...)
Especificar no recadro o máis relevante da consulta:

Enviar o formulario o correo electrónico: investigacion.xerencia.ferrol@sergas.es